

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## PROVINCIAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Subvencións

#### *BASES PONTEGAL 2016*

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 17 de decembro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN “PONTEGAL 2016”**

#### *PONTEGAL 2016* *B A S E S*

##### *1. Obxecto*

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura e Lingua Galega, no seu afán de impulsar e fomentar a cultura popular en lingua galega nas múltiples e variadas expresións artísticas e en colaboración cos concellos, as agrupacións, as entidades e as asociacións culturais, pon en marcha o Pontegal 2016. A través deste Plan retribuiráselles aos grupos da provincia polas actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2016 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra coas contías establecidas para este fin na base 6ª e que se imputarán con cargo á aplicación 16/330.3340.226.29 do Orzamento provincial.

Poderán solicitar a inclusión neste Plan as bandas de música, masas corais, os grupos folclóricos, grupos de gaitas, bandas de gaitas, agrupacións de música tradicional, de música clásica ou de teatro, entre outros, co fin de contribuír a difundir e promover a música, o folclore, o teatro, a danza, o audiovisual e as demais manifestacións artísticas.

##### *2. Lugar e prazo de presentación*

As solicitudes formalizaranse no modelo normalizado que se facilita no Rexistro xeral da Deputación, no Servizo de Cultura e Lingua Galega ou na web [www.depo.es](http://www.depo.es), e presentaranse, xunto coa documentación prevista na base 3ª, no Rexistro xeral da institución provincial:

- Sede de Pontevedra: avda. de Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, núm. 3 (de luns a venres)



Tamén se poden presentar en calquera dos demais rexistros que figuran no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC).

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 1 de febreiro de 2016.

As agrupacións sen CIF achegarán unha acta de constitución asinada polas persoas que a compoñen na que consten a designación da persoa representante e a certificación da conta bancaria aberta a nome do grupo.

### 3. Documentación

Para seren incluídas neste Plan as agrupacións interesadas presentarán a seguinte documentación:

- a. Fotocopia do CIF da entidade
- b. Certificación da conta bancaria
- c. Relación nominal de compoñentes co seu núm. de DNI
- d. Fotografía da agrupación en soporte dixital con formato JPG
- e. Declaración asinada na que se comprometen a empregar a lingua galega e a linguaxe non sexista no desenvolvemento das súas actuacións
- f. Memoria explicativa da actividade que desenvolven, na que se incluírán as necesidades técnicas precisas e a contía económica de cada actuación (caché). O caché estará suxeito a que o comprobem os órganos competentes desta Deputación

De conformidade co establecido no art. 35.f da LRXAP/PAC, a documentación sinalada nos apartados a, b, c e d non terá que presentarse se xa se entregou no Servizo de Cultura desta Deputación nos últimos dous anos, sempre que durante ese período non se producise nela ningunha modificación.

### 4. Clasificación

As agrupacións incluídas no Plan clasificaranse en:

#### 1. Bandas de música, as que teñan:

- a) un mínimo de 65 membros e unha escola de música



b) un mínimo de 50 membros

c) un mínimo de 35 membros

Ademais da documentación requirida na base 3ª deberán presentar a relación do alumnado e a do profesorado da escola de música, facendo constar, se procede, o seu recoñecemento oficial.

## 2. Masas corais, as que teñan:

a) un mínimo de 50 membros

b) un mínimo de 30 membros

## 3. Grupos folclóricos, os que teñan:

a) 30 membros, grupo instrumental propio e escola de baile e que acrediten mediante un documento que realizan actividades de investigación ou etnografía, entre outras

b) 20 membros, grupo instrumental propio e escola de baile

c) 16 membros e grupo instrumental propio

Ademais da documentación requirida na base 3ª deberán presentar:

— a relación nominal das persoas que compoñen o grupo folclórico co seu núm. de DNI

— a relación nominal das persoas que compoñen o grupo instrumental co seu núm. de DNI

— a relación do alumnado da escola de baile

## 4. Grupos de teatro

Para seren incluídos nesta epígrafe, ademais da documentación requirida na base 3ª, deberán presentar unha proposta de programación e o custo da montaxe.

Valorarase:

— O caché do grupo

— A escenografía

— O número de compoñentes

— A relación de obras representadas nos últimos tres anos acreditando con documentación a súa posta en escena

— O custo da montaxe



**5. Música clásica**

- a) Grupo A: grupos de cámara
- b) Grupo B: solistas, dúos, tríos, cuartetos e quintetos
- c) Orquestras: as que teñan a distribución instrumental orquestral (corda e vento)

**6. Música tradicional e outros**

Bandas de gaitas, grupos de gaitas, grupos folk, rondallas, pandeireteiras, animación infantil, baile moderno, humoristas, poetas ou audiovisuais, entre outros.

**5. Selección**

A selección e a inclusión dos grupos solicitantes levaraa a cabo o Servizo de Cultura e Lingua Galega, que poderá asesorarse a través dos informes tanto do persoal técnico coma de profesionais expertos en cada unha das materias que avalían os expedientes para efectos de clasificación, propoñéndolle ao órgano competente a súa aprobación definitiva.

**6. Retribución**

A Deputación de Pontevedra retribuirá cada actuación cos seguintes importes e o resto do importe do caché, de ser o caso, aboarao a entidade solicitante:

Tipo de grupo	Importe	Tipo de grupo	Importe
Bandas de música (a)	600,00 €	Grupos folk	270,00 €
Bandas de música (b)	500,00 €	Pandeireteiras	240,00 €
Bandas de música (c)	450,00 €	Rondallas	240,00 €
Masas corais (a)	270,00 €	Outros grupos:	
Masas corais (b)	240,00 €	Animación infantil	210,00 €
Grupos folclóricos (a)	270,00 €	Baile moderno	210,00 €
Grupos folclóricos (b)	240,00 €	Ballet	240,00 €
Grupos folclóricos (c)	200,00 €	Cantautores	210,00 €
Grupos de teatro (a)	500,00 €	Grupos de playback	210,00 €
Grupos de teatro (b)	375,00 €	Grupos músico-vocais	210,00 €
Maxia	300,00 €	Humoristas	210,00 €
Clásicos (a)	240,00 €	Majorettes	210,00 €
Clásicos (b)	210,00 €	Outros folclores	210,00 €
Orquestras clásicas	340,00 €	Poetas	210,00 €
Bandas de gaitas	240,00 €	Grupos de pop-rock	210,00 €
Grupos de gaitas	200,00 €	Audiovisuais	210,00 €



### 7. Solicitudes das actuacións

As entidades solicitantes poderán ser concellos e asociacións sen ánimo de lucro. Como organizadoras dos actos, débense poñer en contacto coas agrupacións acollidas a este Plan para concretar a data da actuación, coñecer as condicións e facilitarlles o concerto ou a escenificación da obra. Os grupos disporán dun escenario ou marco adecuado para que poidan efectuar a súa actuación sen ningún impedimento.

As solicitudes para as actuacións destes grupos presentaranse cunha antelación superior aos 45 días da data da súa realización e deberán vir cunha copia do número do DNI da persoa que representa a entidade, excepto no caso das entidades locais. O Servizo de Cultura e Lingua Galega comprométese a informar da autorización do evento cunha antelación mínima de 30 días.

As entidades ás que se lles autoricen actuacións con cargo a este Plan están obrigadas a facer a publicidade das actividades en lingua galega, empregar a linguaxe non sexista e introducir o logo do Pontegal 2016-Deputación de Pontevedra nun lugar visible; de non figurar este quedarían excluídas da axuda.

### 8. Obrigas das agrupacións

As agrupacións seleccionadas comprométese a desenvolver as actuacións que lles asigne a Deputación nos distintos municipios e centros culturais da provincia e, soamente nos casos de forza maior debidamente xustificadas, quedarán exentas de as realizar. Tamén se comprometen a velar por que as entidades solicitantes inclúan a publicidade das actividades en lingua galega, empregando linguaxe non sexista e co logo do Pontegal 2016-Deputación de Pontevedra nun lugar visible.

### 9. Pagamento

O pagamento das actuacións efectuarase unha vez acreditada a súa realización no modelo oficial de factura, facilitado polo Servizo de Cultura e Lingua Galega, debidamente cuberto e coa conformidade do organismo, asociación ou entidade beneficiaria. Esta documentación presentarse no prazo máximo de 30 días, contados desde a data de comunicación da autorización da actuación. Ademais da correspondente factura deberá incluírse unha copia do cartel da actividade ou unha captura de pantalla se é en formato dixital para comprobar a súa realización e a correcta publicidade do evento.

Para tramitar as facturas das diferentes agrupacións estas deberá emitilas a persoa titular que figura no CIF facilitado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e deberán vir asinadas pola persoa que solicitou a actuación ou pola persoa representante da entidade solicitante, debidamente acreditada.



As e os solistas e mais as agrupacións representadas por persoas individuais practicarán na factura a retención do IRPF, aplicable segundo a lexislación vixente (R. d. I. 3/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas) e a lexislación de desenvolvemento.

### 10. Adxudicación das actuacións

A adxudicación das actuacións apostará polo equilibrio territorial no reparto de fondos e determinarase aplicando os seguintes criterios e porcentaxes:

- Dinamización da lingua galega . . . . . 30 %
- Incursión das actuacións en programación de carácter social . . . . . 30 %
- Adecuación da actuación ao interese supramunicipal . . . . . 20 %
- Número posible de beneficiarios do evento . . . . . 20 %

O importe total das actuacións autorizadas para un mesmo evento non poderá superar os 1.200 euros.

### 11. Vixencia

Este Plan terá vixencia durante todo o ano 2016 e estará condicionado á existencia de consignación orzamentaria.

### 12. Normativa supletoria

Para o non establecido nas presentes bases teranse en conta as bases de execución do Orzamento provincial.





## PONTEGAL 2016 SOLICITUDE DE INCLUSIÓN

1. DATOS DA/O SOLICITANTE		
Nome artístico do grupo:		Representante:
Nome da asociación:		CIF:
Correo-e:	Tel.:	Fax:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:
Provincia:	Localidade:	C. p.:
2. TIPOLOXÍA DO GRUPO (marque cun X a tipoloxía na que se encadre, só unha opción por solicitude)		
<input type="checkbox"/> Animación infantil	<input type="checkbox"/> Grupos folclóricos (grupo C, mín. 16 membros)	
<input type="checkbox"/> Baile moderno	Núm. de compoñentes do grupo:	
<input type="checkbox"/> Ballet	<input type="checkbox"/> Grupos folk	
<input type="checkbox"/> Bandas de gaitas	<input type="checkbox"/> Grupos músico-vocais	
<input type="checkbox"/> Bandas de música (grupo A, mín. 65 membros)	<input type="checkbox"/> Humoristas	
Núm. de compoñentes da banda:    Núm. de alumnas/os da escola:    Núm. de profesoras/es da escola:	<input type="checkbox"/> <i>Majorettes</i>	
<input type="checkbox"/> Bandas de música (grupo B, mín. 50 membros)	<input type="checkbox"/> Masas corais (grupo A, mín. 50 membros)	
Núm. de compoñentes da banda:	Núm. de compoñentes da coral:	
<input type="checkbox"/> Bandas de música (grupo C, mín. 35 membros)	<input type="checkbox"/> Masas corais (grupo B, mín. 30 membros)	
Núm. de compoñentes da banda:	Núm. de compoñentes da coral:	
<input type="checkbox"/> Cantautoras/es	<input type="checkbox"/> Maxia	
<input type="checkbox"/> Clásicos (grupo A, grupos de cámara)	<input type="checkbox"/> Orquestras clásicas que teñan distribución instrumental orquestral (corda e vento)	
<input type="checkbox"/> Clásicos (grupo B, solistas, dúos, tríos, cuartetos, quintetos)	<input type="checkbox"/> Outros folclores	
<input type="checkbox"/> Grupos de gaitas	<input type="checkbox"/> Pandeireteiras	
<input type="checkbox"/> Grupos de <i>play-back</i>	<input type="checkbox"/> Poetas	
<input type="checkbox"/> Grupos folclóricos (grupo A, mín. 30 membros)	<input type="checkbox"/> Grupos de pop-rock	
Núm. de compoñentes:    Núm. de alumnas/os da escola:	<input type="checkbox"/> Roldas	
<input type="checkbox"/> Grupos folclóricos (grupo B, mín. 20 membros)	<input type="checkbox"/> Teatro (grupo A)	
Núm. de compoñentes:    Núm. de alumnas/os da escola:	<input type="checkbox"/> Teatro (grupo B)	
<input type="checkbox"/> Audiovisuais		
3. DECLARACIÓN		
Esta agrupación comprométese a empregar a lingua galega e a linguaxe non sexista no desenvolvemento das actuacións que realice.		
4. DOCUMENTACIÓN (non será necesaria se xa a entregou no Servizo de Cultura nos últimos dous anos e non houbo variacións)		
a) Fotocopia do CIF da asociación (nos casos de agrupacións de feito, achegar unha copia da acta de constitución, onde figuren a persoa representante e a copia do seu DNI)		
b) Relación nominal dos membros do grupo cos seus respectivos números do DNI		
c) Certificado de conta bancaria		
d) Fotografía do grupo en formato dixital		
e) Relación nominal do alumnado e profesorado da escola de música (bandas de música grupo A)		
f) Relación nominal dos membros do grupo instrumental cos seus respectivos números do DNI (grupos folclóricos dos grupos A, B, C)		
g) Relación nominal do alumnado da escola de baile (grupos folclóricos dos grupos A, B)		
h) Acreditación de que se realizaron actividades de investigación, etnografía, etc. (grupos folclóricos do grupo A)		
i) Relación nominal de compoñentes e se contan con escenografía (grupos teatro A e B)		
j) Memoria explicativa da actividade que desenvolve a agrupación e na que se inclúan as necesidades técnicas precisas e a contía económica de cada actuación (caché)		
Lugar e data:	Asdo.: solicitante	
_____ de _____ de 20____		

Os servizos serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal podendo ser incorporados ós ficheiros da Deputación de Pontevedra e da rede de entidades do sector. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos no artigo seguinte: enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios á súa disposición en www.depo.es

Mod.: 330-002

SERVIZO DE CULTURA. Pazo da Deputación, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Teléfono: +34 986 804 100. Fax: +34 986 804 124. cultura@depo.es, www.depo.es

